

Santiago de Compostela, a 16 de abril de 2015

Estimado/a Alcalde/sa,

INGADA é un Instituto presidido polo Dr. Ángel Carracedo, Director da Fundación Galega de Medicina Xenómica, no que converxen diferentes profesionais galegos da saúde, educación, xurídicos, economistas, comunicación, consultoría, etc... que se uniron nun equipo que ten como obxectivo axudar ás persoas afectadas por Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) ou calquera outro trastorno relacionado e as súas familias. INGADA non ten ánimo de lucro e o seu campo de acción comprende as catro provincias galegas.

A finalidade desta comunicación é animarlle a participar en "EL CAMINO DE LA DIVERSIDAD", unha actividade educativa e de ocio que o Instituto organiza para o próximo día **25 de abril**. O obxectivo principal da marcha é chamar a atención da conciencia cidadá para respectar a diversidade de cada un, sen exclusión, e fomentar a integración e o desenvolvemento digno das persoas por moi diferentes que sexan.

Na medida das súas posibilidades, o Instituto quere **contar coa súa colaboración para participar e acompañarles** nesta marcha ou nalgún momento dela. Dada a magnitude do evento, queren potenciar nos seus beneficiarios, sobre todo os nenos, que tomen como modelo a imitar, a persoas comprometidas, de pensamento aberto e cercano, sensibles ás necesidades dos máis débiles.

Realizarán unha etapa do Camiño de Santiago todos xuntos: colexios, asociacións, familias, nenos... compartindo actividades e experiencias para disfrutar, ao seu remate, dunha gran festa colectiva ao aire libre, nunha das emblemáticas prazas da capital de Galicia.

Neste *Camiño* xa confirmaron a súa presenza persoas representativas do mundo da política, cultura e do deporte galego, así como diversas autoridades comprometidas cos seus mesmos intereses e obxectivos.

Esperando que sexa do seu interese e se anime a participar, reciba un cordial saúdo.



**José Manuel Rey Varela**  
Presidente

## **1.-ITINERARIO:**

Tendo en conta que a etapa son 15 km e hai persoas que non poden camiñar tanto, propoñen dúas opcións:

1. Recorrer **toda a etapa** (15 km) desde O Pino ata Santiago, organizarán de forma que non todos os grupos saian do mesmo punto para evitar aglomeracións, irán facendo de forma progresiva en puntos intermedios.
2. Saída **dende o Monte do Gozo** (3 km). Alí xuntarán os que veñen desde os distintos puntos anteriores e camiñarán todos xuntos ata a Praza do Obradoiro.

## **2.-HORARIOS**

- a) A saída desde O Pino e puntos intermedios será ás 10 h.
- b) A partir das 12 h. atenderase aos **medios de comunicación** na localidade de Vilarmaior, a 9 Kilómetros de Santiago. Os medios de comunicación tamén terán a posibilidade de cubrir xa pola tarde a chegada á Praza do Obradoiro onde se celebrarán varios actos.
- c) Ás 16:30 horas recórrese o último tramo que parte de Monte do Gozo (aproximadamente de 3 kilómetros)
- d) Ás 17:30 horas Chegada á **Praza do Obradoiro**, fotos de grupo, recepción polas autoridades, lectura de **Manifesto pola Diversidade** e solta de globos. Os nenos terán un papel moi activo. Os **medios de comunicación** tamén están invitados aos actos.
- e) Ás 18:00 horas Comezo da festa **Masterclass de Zumba** na praza da Quintana.
- f) Ás 20:00 horas Fin de Xornada.

## **3.-RESERVAS Y COSTES**

**TODOS OS NENOS TERÁN INSCRIPCIÓN GRATUITA ATA OS 18 AÑOS.** Os adultos terán un custe que irá dos 3 aos 10 euros para aboar os autobuses postos pola organización se escollen esta opción de transporte para chegar ao punto de saída.

Atoparán toda a información en [www.facebook.com/fundacioningada](http://www.facebook.com/fundacioningada) ou nos teléfonos que aparecen na páxina web [www.fundacioningada.net](http://www.fundacioningada.net)

Para todas aquelas persoas interesadas en colaborar pero que non poidan estar na marcha a Fundación INGADA traslada o seu número de conta ES63 2080 5480 9330 4012 9217 de Abanca.